MATERIA
Transporte e Territorio

TITULACIÓN
Grao en Enxeñaría Civil

unidade didáctica 19

Ensinanzas Técnicas

Sistemas tecnolóxicos para a detección de infraccións e cumprimento da normativa de tráfico

David Cota Mascuñana
Jorge Ordás Alonso
Ramiro Martínez Rodríguez
Alberte Castro Ponte

Enxeñaría e Infraestruturas dos Transportes
Escola Politécnica Superior

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0.
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:
http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Deseño e maquetación
J. M. Gairí

Edita
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN
978-84-16533-22-0

DOI
http://dx.doi.org/10.15304/9788416533220

MATERIA: Enxeñaría do Transporte
TITULACIÓN: Grao en Enxeñaría Civil
PROGRAMA XERAL DO CURSO

MÓDULO I: Enxeñaría do Transporte

Unidade 01. Introdución ao transporte

Unidade 02. A planificación do transporte. Conceptos xerais

Unidade 03. O transporte por estrada

Unidade 04. O transporte ferroviario. Alta velocidade ferroviaria

Unidade 05. O transporte aéreo

Unidade 06. O transporte marítimo

Unidade 07. O transporte metropolitano e mobilidade sostible. O Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) como elemento estruturador das cidades

Unidade 08. Políticas e Estratexias europeas e españolas para a mobilidade sostible

Unidade 09. O transporte por cable

Unidade 10. O transporte por tubaxe

Unidade 11. Factores estratéxicos de competitividade nas cadeas de transporte: Intermodalidade e Loxística

Unidade 12. Xestión dos Servizos Públicos no sector do transporte

Unidade 13. Financiamento nacional e internacional da construción e xestión de infraestruturas de transporte. As Institucións Financeiras Internacionais (IFI)

Unidade 14. Contratos FIDIC. Unha aproximación xeral

Unidade 15. Inglés técnico na enxeñaría do transporte

MÓDULO II: Os Sistemas Intelixentes de Transporte (SIT ou ITS) aplicados á xestión do tráfico por estrada

Unidade 16. Novas tecnoloxías e sistemas aplicados á xestión do tráfico

Unidade 17. **A toma de datos na planificación do transporte: Estudos de tráfico e análise da demanda**

Unidade 18. **Metodoloxías e procesos na xestión do tráfico en situacións de vialidade invernal e emerxencias**

Unidade 19. **Sistemas tecnolóxicos para a detección de infraccións e cumprimento da normativa de tráfico**

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OS OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

ACTIVIDADES PROPOSTAS

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Sistemas tecnolóxicos para a detección de infraccións
2. Cinemómetros
   - 2.1. Normativa de aplicación no ámbito dos cinemómetros
     - 2.1.1. Orde ITC/3123/2010
   - 2.2. Clasificación de cinemómetros
   - 2.3. Cinemómetros de Velocidade Instantánea (V.I.)
     - 2.3.1. Cinemómetros V.I. sen operador
     - 2.3.2. Cinemómetros V.I. con operador
     - 2.3.3. Tipoloxía de cinemómetros V.I. por tecnoloxía
     - 2.3.4. Composición e funcionamento dos cinemómetros V.I.
   - 2.4. Equipo de Recoñecemento de Matrículas (ERM)
     - 2.4.1. Introdución
     - 2.4.2. Composición e funcionamento do ERM
     - 2.4.3. Configuración do ERM
     - 2.4.4. Aplicacións do ERM
     - 2.4.5. Cinemómetros de Velocidade Media (V.M.)
     - 2.4.6. Control de telepeaxe e evasións de peaxe
     - 2.4.7. Foto-Vermello
   - 2.5. Cinemómetro en aeronave: Pegasus
     - 2.5.1. Protocolo de xeración de expedientes
     - 2.5.2. Funcionamento do cinemómetro Pegasus
     - 2.5.3. Características do cinemómetro Pegasus
     - 2.5.4. Outras funcións de Helyce
3. O centro de Tratamento de Denuncias Automatizadas(CTDA) da DXT
   - 3.1. Introdución
   - 3.2. Directrices de funcionamento
   - 3.3. Competencias

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

Esta Unidade didáctica forma parte da programación da materia optativa "Transporte e Territorio", do terceiro curso do Grao en Enxeñaría Civil.

A programación docente da materia divídese en dous grandes módulos. O primeiro módulo, *Enxeñaría do transporte* (16 unidades didácticas) dedícase a presentar os aspectos fundamentais relacionados con cada un dos diferentes modos de transportes e aspectos vinculados cos modos de financiamento e explotación dos mesmos.

Os temas do primeiro módulo son os seguintes:

- **Unidade 01. Introdución ao transporte**: nesta unidade realízase unha primeira aproximación a qué é o transporte e a súa importancia en termos económicos e sociais.
- **Unidade 02. A planificación do transporte. Conceptos xerais**: nesta unidade indícase a importancia do proceso de planificación no transporte e preséntase algunha metodoloxía xenérica de planificación.
- **Unidade 03. O transporte por estrada**: nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre o vehículo, a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte
- **Unidade 04. O transporte ferroviario. Alta velocidade ferroviaria**: Alta velocidade ferroviaria: nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre o vehículo, a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte.
- **Unidade 05. O transporte aéreo**: nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre o vehículo, a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte.
- **Unidade 06. O transporte marítimo**: nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre o vehículo, a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte.
- **Unidade 07. O transporte metropolitano e mobilidade sostible: O Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) como elemento estruturador das cidades**: nesta unidade abordanse as particularidades do transporte metropolitanao e urbano, a tipoloxía e clasificación de vehículos e infraestruturas e os modelos de xestión de transporte. Asimesmo, tamén se presenta a ferramenta PMUS como aproximación metodolóxica para a solución de problemas de mobilidade e seguridade viaria en contornas urbanas. Finalmente, amósase a importancia desta ferramenta co obxectivo de crear e estruturar cidades.
- **Unidade 08. Políticas e Estratexias europeas e españolas para a mobilidade sostible**: nesta unidade preséntanse as diversas iniciativas que existen a nivel europeo e que promoven a mobilidade sostible, ecomobilidade e aspectos de vital importancia como son a seguridade viaria.
- **Unidade 09. o transporte por cable**: nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre o vehículo, a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte.

- **Unidade 10. o transporte por tubaxe**: nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte.
- **Unidade 11. Factores estratéxicos de competitividade nas cadeas de transporte: Intermodalidade e Loxísitica:** nesta unidade estúdanse os principais factores estratéxicos chave para acadar un alto índice de satisfacción dos clientes e competividade nas cadeas de transporte, como son a intermodalidade e a loxística.
- **Unidade 12. Xestión dos servizos públicos no sector do transporte**: nesta unidade explícanse as diferentes modalidades que existen en España para xestionar os Servizos Públicos de Transporte.
- **Unidade 13. Financiamento nacional e internacional da construción e xestión de infraestruturas de transporte. As Institucións Financeiras Internacionais (IFI)**: esta unidade, de vital importancia, aborda as diferentes fontes e mecanismos de financiamento de infraestruturas e servizos de transporte. Tamén se explican qué son as Institucións Financieiras Internacionais (IFI) e cal é o seu rol no financiamento de infraestruturas e servizos de transporte.
- **Unidade 14. Contratos FIDIC. Unha aproximación xeral**: nesta unidade preséntanse e defínense qué son os contratos rexidos polas regras FIDIC, xa que se converteron no modelo de contrato de construción máis utilizado a nivel internacional en contornas e países de baixa seguridade xurídica, política e económica.
- **Unidade 15. Inglés técnico na enxeñaría do transporte**: nesta Unidade preséntase vocabulario técnico de interese vinculado ao sector das infraestruturas do transporte e á súa xestión.

No segundo dos módulos abórdanse interesantes aspectos das novas tecnoloxías aplicadas á xestión do transporte denominadas Sistemas Intelixentes do Transporte (SIT) ou Intelligent Transport Systems (ITS) en inglés.

- **Unidade 16. Novas tecnoloxías e sistemas aplicados á xestión do tráfico**: nesta unidade didáctica estúdanse os sistemas tecnolóxicos que existen actualmente para supervisar e xestiona-lo tráfico.
- **Unidade 17. A toma de datos na planificación do transporte: Estudos de tráfico e análise da demanda**: nesta unidade estúdanse as tecnoloxías que existen actualmente para a toma de datos vinculados cos estudos de tráfico, así como a información que soe formar parte deles.
- **Unidade 18. Metodoloxías e procesos na xestión do tráfico en situacións de vialidade invernal e emerxencias**: nesta unidade estúdanse os principios básicos de situacións de emerxencia e o modelo de xestión de situacións de emerxencia aplicado á xestión do tráfico promovido polas Administracións competentes nesta materia.
- **Unidade 19. Sistemas tecnolóxicos para a detección de infraccións e cumprimento da normativa de tráfico**: nesta unidade estúdanse as tecnoloxías existentes no ámbito do enforcement ou, como facer aplicable o cumprimento dunha lei ou norma a través de tecnoloxías con capacidade sancionadora segundo a lexislación actual.

A presente Unidade didáctica impártese en 2 h de case expositiva de xeito presencial.

Ademais dos alumnos do terceiro curso do Grao en Enxeñaría Civil, os contidos presentados poden ser de interese para outros docentes ou profesionais do sector que desenvolvan a súa actividade no ámbito da explotación e do deseño destas tipoloxías de infraestruturas do transporte.

OS OBXECTIVOS

- Importancia dos sistemas tecnolóxicos para detección de infraccións na seguridade vial e os resultados obtidos
- Coñecer a normativa de aplicación no ámbito dos sistemas tecnolóxicos para detección de infraccións
- Ter presente cal é o papel do Estado no control Metrolóxico
- Coñecer as tipoloxías de cinemómetros que existen e os seus principios de funcionamento
- Coñecemento das marxes de erro de cada unha dos sistemas de detección de infraccións
- Ter presente que tipos de infraccións pódense detectar en función da tecnoloxía de detección de infraccións empregada
- Coñecer o papel do CDTA dentro da DXT

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Os principios teóricos e os contidos fundamentais exporanse nas clases expositivas. Para iso, o profesor empregará os medios audiovisuais da aula para a realización de presentacións.
- O alumno elaborará ao finalizar cada sesión presencial un resumo dos contidos traballados, no que se recollan as súas reflexións sobre a temática abordada.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Como ampliación e aplicación dos contidos teóricos traballados nas sesións expositivas, proponse a realización da seguinte actividade:

- Seleccionar un contorno urbano dentro dunha cidade programar e xustificar un plan de implantación se sistemas de detección de infracción.
- Seleccionar un contorno interurbano e programar e xustificar un plan de implantación de sistemas de detección de infracción.

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Sistemas tecnolóxicos para a detección de infraccións

A importante redución da sinistralidade na estrada rexistrada durante os últimos anos coincide no tempo coa adopción das medidas máis significativas adoptadas por diferentes Administracións, baseadas en boa parte nas novas tecnoloxías

A modificación do Código Penal, que contempla como delito determinadas infraccións de velocidade captadas polos cinemómetros, foi definitiva para practicamente erradicar as velocidades desorbitadas.

As aplicacións de detección de velocidades fóronse complementando cos dispositivos de control de paso de semáforo en vermello "Foto Vermello", control de STOP, Detección de Vehículos Infractores de Telepeaxe e evasións de peaxe (DVIT). En paralelo con estes sistemas proliferou a instalación de sistemas de captación de matrículas, posibilitando a xeración de cinemómetros de velocidade media e diversas aplicacións adicionais como tempos de percorrido, distribución do tráfico en fronteiras e matrices orixe destino.

A evolución continúa e é de esperar que as tecnoloxías baseadas en visión artificial, nalgún caso con aplicacións en desenvolvemento, incremente as posibilidades de control automático de infraccións.

Figura 1.1: Panel sinalización cinemómetro na estrada.

2. Cinemómetros

2.1. Normativa de aplicación no ámbito dos cinemómetros

A lei 3/1985, de 18 de marzo, de metroloxía establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España. A lei foi desenvolvida por diversas normas entre as que cabe destacar:

a) Orde de 11 de febreiro de 1994 pola que se establece o control metrolóxico do Estado para os instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor. Derrogada fóra das tolerancias dos equipos afectados.
b) Real Decreto 889/2006, de 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.
c) **Orde ITC/3123/2010,** de 26 de novembro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado dos instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación dos vehículos a motor.

2.1.1. Orde ITC/3123/2010

2.1.1.1. Introdución

Con anterioridade á entrada en vigor desta Orde un cinemómetro concreto só podía operar nas cabinas para as que fora verificado, limitando claramente a súa mobilidade.

A citada Orde modifica contidos técnicos dos equipos e introduce modificacións significativas que permiten mellorar a xestión e a loxística do parque de cinemómetros. Establece o concepto de cabina normalizada, regulada por normas UNE, e regulamenta o seu uso.

Preténdese que os cinemómetros de velocidade instantánea sen operador poidan funcionar en múltiples emprazamentos. Instalados en cabinas normalizadas que permitan a instalación de diversos modelos de cinemómetros respectando as necesidades metrolóxicas particulares de orientación, alimentación e comunicacións, de forma que os mesmos poidan ser substituídos por outro durante os períodos non operativos.

A cabina normalizada consiste basicamente nun colector con bastidor único de forma e dimensións establecidas, que permite a colocación de diversas bandexas posibilitando a instalación de calquera cinemómetro existente actualmente no mercado. Identificarase por un rexistro similar a un número de serie. As cabinas que se identifiquen como aptas deberán ser instaladas ao amparo de dita orde ou, se fosen instaladas con anterioridade, deberán obter un certificado de conformidade de acordo coas disposicións da mencionada orde.

2.1.1.2. Definicións previas

A Orde ITC/3123/2010, de 26 de novembro do Ministerio de Industria Turismo e Comercio establece a regulación do control metrolóxico do Estado e as cabinas que o aloxan.

Enténdese por cinemómetro o instrumento ou sistema de medida destinado a determinar a velocidade de circulación dos vehículos a motor xunto cos seus dispositivos complementarios destinados a rexistrar e conservar os resultados das medidas efectuadas.

Enténdese por cabina o colector que lle serve ao cinemómetro de aloxamento, soporte e protección e dispón dos medios para a súa orientación e alimentación.

2.1.1.3. O papel do Estado no control metrolóxico

Os cinemómetros e as cabinas están sometidos ao control metrolóxico do Estado nas súas fases de:

a) Comercialización e posta en servizo. Débese acreditar que os equipos cumpren os requisitos esenciais recollidos na ITC. Comprende os procesos de:

- Exame de modelo. Denominado "Aprobación de modelo" con anterioridade ao Decreto 889/2006. Acredita que o cinemómetro, cuxo modelo se presenta para a súa aprobación cumpre os requisitos establecidos na mencionada instrución.
- Verificación de produto. Con anterioridade ao Decreto 889/2006 denominada "Verificación primitiva". Certifica que cada un dos equipos que se pretende pór en servizo axústase ao modelo aprobado. Consta das fases de:
  - o Verificación do produto parcial, realizada en laboratorio.
  - o Verificación despois da instalación.

b) Instrumentos en servizo. Comprende os procesos de:

- Verificación despois de modificación ou reparación.
- Verificación periódica: Un exemplo de certificado de verificación periódica, tal como o que se remite ao cidadán na notificación das denuncias, sería o seguinte:

Figura 2.1: Certificado de verificación periódica de cinemómetro



MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO

CERTIFICADO Nº 131472001

CEM CENTRO ESPAÑOL DE METROLOGÍA

Organismo Autorizado de Verificación 16-OV-1010
Acreditado por ENAC con acreditación Nº OC-0172

CERTIFICADO DE VERIFICACIÓN PERIÓDICA

Expedido a:	DIRECCIÓN GENERAL DE TRÁFICO Ministerio del Interior c/ Josefa Valcárcel, 28 28027 Madrid - Madrid
De acuerdo con:	La Orden ITC/3123/2010, de 26 de noviembre, por la que se regula el control metrológico del Estado de los instrumentos destinados a medir la velocidad de circulación de vehículos a motor (B.O.E. nº 292 de 3-12-2010).
Instrumento:	Cinemómetro de efecto Doppler; estático
Especificaciones:	Id. Bastidores: - VF33CRHYB82498473 ; VF33CRHYB82534412; VF33CRHYB826-30954/49858; - VF33CRHYB825-00574033761/03762/24327/24329/34412/39575/39581; - VF37EDHYE3241-2715/5571/5574/5575; VF37ERHYF33188629/277588; - VF37EDHYE3240-3124/3125/3126/4750/4752/6625/6626; - VF3EBRHRH11336438 ; VF3EBRHRH11331621 ,VF3EBRHRH1331624; - VF7N2G50001G595-40/49/50/51/52/53/54/55/56/57/59/60/61/63/65/66/67/68/71/72/73; - VF7N2G50001G596-15/16/17/18/20/21/23/24/27/29/30/31/32/33/34/35/36/37/38/39/40/41/42/43/44/45; - VF7N2G50002G56545; VF37ERHYE33156589; ZLA179000133638-29/31/37; - ZFA179000133-18682/18404/55404/55844; - Trípode Mod.: GITZO
Fabricante:	Multanova A.G.
Marca/modelo:	Multanova Radar/6F-MR
Nº Serie/Código CEM:	06-99-1672

Fecha de ensayos: **28/06/13**

Válido hasta: **27/06/14**

Este certificado, que establece la superación de la verificación arriba indicada y declara la conformidad del instrumento reseñado para su cometido, se emite en aplicación de la Resolución de 16 de Noviembre de 2009 de la Dirección General de Industria, Energía y Minas por la que se designa al Centro Español de Metrología como organismo autorizado de verificación metrológica para varios instrumentos de medida sometidos a control metrológico del estado.

No se permite la reproducción parcial de este documento sin autorización expresa para ello.

www.cem.es

Página 1 de 2

C/ DEL ALFAR Nº 2
28760 TRES CANTOS - MADRID
TEL: 91 807 47 00
FAX: 91 804 43 19

comercial@cem.es
CEM-F-0105-00

El Centro Español de Metrología, comprometido con el respeto medioambiental, mantiene un sistema de Gestión Medioambiental ISO 14001 certificado por AENOR con el nº GA-2003/0038

ISO 14001

FIRMADO por : Fernando Ferrer, Manuel. Director de Dirección / Presidencia (CEM). A fecha : 08/07/2013 09:44:28
El documento consta de un total de 2 folios. Folio 1 de 2 - Código Seguro de Verificación: 21547-421168607

c) O titular do cinemómetro en servizo está obrigado a solicitar anualmente a verificación periódica dos cinemómetros. No caso das cabinas a verificación periódica realizarase cada seis anos. Existirá ademais a denominada certificación de módulo G, tamén ao seis anos, que permitirá a rotación de cinemómetros da mesma marca e modelo entre as cabinas habilitadas ao efecto sen requirir dunha nova certificación. As solicitudes e comunicacións poderán realizarse por medios telemáticos.

2.1.1.4. Erros máximos permitidos na medición da velocidade

Os **erros máximos permitidos** para ensaios na estrada serán:

- Instalación fixa ou estática.
  - o ± 5 km/h para v < 100 km/h
  - o ± 5% para v ≥ 100 km/h

- Instalación móbil.
  - o ± 7 km/h para v < 100 km/h
  - o ± 7% para v ≥ 100 km/h
- Cinemómetros de velocidade media.
  - o ± 5%

2.2. Clasificación de cinemómetros

Existen varias clasificacións de cinemómetros, como poden ser:

- Por tipo de operación do cinemómetro e xestión do proceso sancionador:
  - o Con operador humano (manual)
  - o Sen operador humano (automático)
- Por localización do cinemómetro:
  - o Marxe da vía
  - o Pórtico
  - o Postes
  - o Vehículo
  - o Trípode
  - o Vehículo aéreo
- Por protección do cinemómetro:
  - o Cabina non normalizada
  - o Cabina normalizada
  - o Cabina antivandálica non normalizada
  - o Cabina antivandálica normalizada
  - o Carcasa protectora (Ej: Pegassus)
  - o Ningunha
- Por movemento do cinemómetro cando sanciona:
  - o Estático
  - o Dinámico
- Por tecnoloxía:
  - o Ópticos
  - o Sensor
  - o Doppler
  - o Outros

Non obstante a clasificación máis común son os dous grandes grupos de cinemómetros en función do tipo de velocidade que miden:

- **Cinemómetros de velocidade instantánea**. Miden e rexistran a velocidade nunha determinada sección transversal da calzada ou nun carril determinado. Poden funcionar con ou sen operador, de forma estática ou dinámica. O certificado de verificación metrolóxica recolle as posibilidades de funcionamento.
- **Cinemómetros de velocidade media**. Determinan a menor velocidade media de percorrido que un vehículo desenvolveu entre dúas seccións transversais da estrada. O seu modo de funcionamento é sen operador e só poden operar de forma estática con localización fixa.

2.3. Cinemómetros de Velocidade Instantánea (V.I.)

2.3.1. Cinemómetros V.I. sen operador

Os cinemómetros **sen operador**, coñecidos como **cinemómetros fixos**, están concibidos para funcionar situados en cabinas e situados en postes, pórticos ou marxes de estrada. Poden ser xestionados a través de proceso manual ou por teleproceso. A localización dos equipos pode ser a seguinte:

- Os equipos instalados nas marxes da vía sitúanse en cabinas antivandálicas. Poden pertencer ao modelo normalizado de cabina antivandálica ou non (Normas UNE 199121.1,2,3 e 4). Controlan Ata 4 carrís nun mesmo sentido da circulación.

Figura 2.2: Cinemómetro en mediana

- Os equipos instalados en pórticos sitúanse en cabinas (en proceso de normalización). Unicamente controlan o carril sobre o que deben estar situados de forma centrada.

Figura 2.3: Cinemómetro en pórtico

- Os equipos situados en postes xeralmente permiten o control do tráfico da vía ou da parte da mesma nun determinado sentido da circulación, habitualmente afastándose do equipo.

Figura 2.4: Cinemómetro en poste

As cabinas non normalizadas unicamente poden albergar cinemómetros que sexan verificados para esa cabina. Un mesmo cinemómetro pode ser verificado para máis dunha cabina e unha cabina pode ser verificada para máis dun cinemómetro, pero sempre se precisa a verificación cabina-cinemómetro.

Estas verificacións precisan ensaios con tráfico real in situ, o que dificulta de forma significativa o proceso de verificación e consecuentemente a mobilidade dos equipos. O certificado de metroloxía de cada cinemómetro identifica os puntos ou as cabinas nas que pode ser instalado. A certificación de módulo G, permite a rotación de cinemómetros da mesma marca e modelo entre as cabinas habilitadas o efecto sen requirir dunha nova certificación. Isto facilita a rotación dos equipos.

As cabinas normalizadas, de acordo coas normas UNE 199121, poden ser verificadas para máis dun modelo de cinemómetro. A verificación da cabina para un determinado modelo de cinemómetro supón que pode albergar calquera cinemómetro da mesma marca e modelo que o verificado, sempre que non se alteren os precintos da cabina e os períodos de validez de cabina e cinemómetro estean vixentes. O certificado de metroloxía específica as cabinas na que poderá operar.

2.3.2. Cinemómetros V.I. con operador

Os cinemómetros **con operador** poden estar instalados:

- Sobre vehículos terrestres detidos ou en movemento. Son os operados pola Agrupación de Tráfico da Garda Civil e polas diversas Policías Locais. As Xefaturas Provinciais de Tráfico dispoñen de vehículos equipados con cinemómetros que poden ser operados nesta modalidade. Poden operar en estático ou dinámico. Non todos os cinemómetros admiten o funcionamento co vehículo en movemento. O certificado de metroloxía recolle as modalidades de operación.

Figura 2.5: Cinemómetro en vehículo (interior)

Figura 2.6: Cinemómetro en vehículo (exterior)

- En trípode. Son os operados pola Agrupación de Tráfico da Garda Civil e polas diversas Policías Locais.

Figura 2.7: Cinemómetro en trípode

- Vehículos aéreos. Instrumentos ou sistemas montados xeralmente sobre plataformas ou torres aeronáuticas a bordo de aeronaves capaces de medir a velocidade dos vehículos a motor por identificación e seguimento.

Figura 2.8: Cinemómetro en helicóptero da DXT

2.3.3. Tipoloxía de cinemómetros V.I. por tecnoloxía

A instrución ITC 3123/2010 determina os diferentes tipos de cinemómetros en función das tecnoloxías empregadas para a medición de velocidade.

2.3.3.1. Cinemómetros por efecto doppler (Radares)

Utilizan un **transmisor e receptor de onda continua na banda de microondas e operan baixo o principio Doppler**. A antena emite de forma continua un sinal cunha lonxitude de onda predeterminada. Ao interceptar cunha masa metálica prodúcese a **reflexión da onda e a modificación da súa frecuencia, que finalmente será captada pola antena**. Esta variación da frecuencia permite determinar a velocidade do móbil. A antena fixarase a un soporte que permite a súa instalación cunha inclinación determinada, tanto no plano vertical como horizontal. Estes soportes son precintados.

Figura 2.9: Esquema de funcionamento doppler



O lóbulo principal da emisión non debe superar uns determinados ángulos tanto en horizontal e vertical que condicionan as posibles instalacións. Como exemplo orientativo citemos que un lóbulo con anchura superior a un carril de circulación impedirá a súa utilización en pórtico.

Son os máis utilizados. Poden ser instalados sobre pórtico controlando con gran eficacia o carril sobre o que están instalados ou na marxe da calzada posibilitando o control de Ata 4 carrís de circulación. Neste caso non é infrecuente que na fotografía apareza máis dun vehículo, dificultando a identificación do vehículo "infractor". Non obstante analizando con detalle o lóbulo do sinal emitido, pode determinarse, na gran maioría dos casos con precisión, o vehículo detectado polo equipo.

Xeralmente, en caso de cabinas non normalizadas, revísase un cinemómetro para varias cabinas con obxecto de permitir o seu cambio de localización, que se realiza con facilidade. Neste tipo de cinemómetros xa atopamos exemplos de modelos capaces de denunciar a un vehículo concreto aínda que na fotografía aparézanse varios. Estes son os denominados cinemómetros multi-carril. Neste caso, por medio de mecanismos de triangulación, o cinemómetro coñece as características físicas da vía, detecta a distancia ao vehículo e é capaz de explicitar o carril exacto no que a infracción se está cometendo.

2.3.3.2. Cinemómetros ópticos

Cinemómetros que **utilizan feixes de luz na rexión visible ou infravermella do espectro electromagnético**. A velocidade do vehículo pode determinarse por procesamento **da enerxía reflectida, ou por medición dos intervalos de tempo entre interrupcións dos feixes emitidos** ao ser atravesados por un vehículo. A potencia de emisión non debe ser daniña para o ollo humano non debendo exceder da Clase 1. Son practicamente indetectables polos sistemas antirradar.

a) **De barra láser.** Consisten en dobre ou tripla barreira luminosa formada por emisións láser e outros tantos detectores, que marcan o momento de interrupción do feixe luminoso ou corte do feixe polo vehículo. Mídese a distancia entre as barreiras luminosas e o tempo que discorre entre cortes sucesivos do feixe. O conxunto formado polos diodos láser susténtase sobre un soporte, que permite a súa correcta orientación. A verificación do equipo leva o precitado do soporte. Instálanse trasversalmente á calzada e poden medir a distancia ao obxectivo, permitindo determinar o carril de circulación do vehículo detectado. Polo menos un equipo homologado está dotado de cámara fotográfica robotizada que se orienta en función do carril polo que circula o vehículo detectado, o que lles dota de gran fiabilidade aínda no caso de figurar máis dun vehículo na fotografía.

Figura 2.10: Cinemómetro láser (detalle)

Figura 2.11: Cinemómetro láser (estrutura)

b) **De "pistola" Láser.** Instálanse en dirección lonxitudinal á calzada controlando xeralmente un carril. Operan baixo en principio "distancia/tempo". A velocidade determínase medindo o tempo de voo dunha serie de pulsos curtos de luz xerados por diodos láser infravermellos, que ao chocar contra o obxectivo son reflectidos, filtrados e detectados polos diodos. Un sistema controlado por microprocesador mide o tempo transcorrido entre a xeración e detección destes impulsos. Xeralmente instálanse en sentido lonxitudinal e controlan un carril de circulación cunha gran fiabilidade.

Figura 2.12: Pistola láser de medición de velocidade

2.3.3.3. Cinemómetros de sensor

Utilizan cable ou outros dispositivos que van colocados sobre a calzada de maneira, que cando un vehículo cruza a través del prodúcese algún cambio nas súas propiedades físicas. Habitualmente están formados por bandas piezoeléctricas inseridas na calzada, que ao detectar a presión emiten impulsos que serven para medir os tempos de corte.

Figura 2.13: Cinemómetro de sensor en calzada

2.3.3.4. Outros

De visión artificial, de ultrasóns de definición,… A normativa posibilita a comercialización de equipos baseados en novas tecnoloxías**. Na actualidade non hai ningún equipo homologado en España (segundo normas UNE) con tecnoloxías distintas ás contempladas nos apartados anteriores.**

2.3.4. Composición e funcionamento dos cinemómetros V.I.

O cinemómetro xeralmente está formado polos seguintes elementos interconectados e comunicados entre si:

a) **Antena ou sensor de captación.** Mide ou detecta o vehículo obxecto da medición. O instrumento determina a velocidade de todos os vehículos que entren na súa zona de control coas seguintes excepcións:

- Cando polo menos dous vehículos entren simultaneamente no campo de medida, o cinemómetro non debe dar lectura de velocidade a non ser que o instrumento sexa capaz de detectar, seguir e identificar inequivocamente os obxectivos durante todo o proceso de medición.
- O instrumento non debe medir simultaneamente a velocidade dos vehículos en dous sentidos de circulación, cando non poidan asegurarse estas medicións.
- Instálanse sobre soportes dotados de certa mobilidade que permite a súa correcta orientación. Unha vez fixado o soporte e verificado o cinemómetro precíntase o soporte impedindo calquera movemento.
- Non obstante é posible a retirada do equipo e a súa posible reinstalación. Cada modelo de cinemómetro ten un soporte específico.
- A rotura de precintos supón a obrigación de deixar fóra de servizo o equipo ata tanto non se proceda á verificación por modificación da cabina.

b) **Elemento de control.** Contén o microprocesador que goberna todo o proceso e a electrónica do equipo. O equipo funciona como un aforador de tráfico, xerando para cada medición un rexistro normalizado, que incluirá os datos da localización, campos horarios e velocidade detectada. Estes rexistros posibilitan a realización de estatísticas detalladas do comportamento do tráfico. Os rexistros almacénanse nun ficheiro diario, que no caso dos cinemómetros fixos da DXT enviarase ao Centro de Xestión de Tráfico asociado, en diante CXT, de forma diaria. Os cinemómetros deben estar equipados cun dispositivo selector de velocidades que permita identificar as velocidades superiores a un valor determinado, provocando o disparo de cámara fotográfica. Van equipados cun reloxo do sistema cunha deriva máxima de 2 minutos á semana, que debe poder ser actualizada mediante o sinal emitido por un servidor NTP ou sinal GPS.

c) **Sección fotográfica**. Os cinemómetros conéctanse a un dispositivo de filmación ou rexistro fotográfico. Cando os vehículos superan a velocidade límite establecida, xeran a orde de captura fotográfica e un rexistro, normalizado, que inclúe todos os datos da infracción e as fotografías xeradas. O arquivo debe remitirse encriptado a unha CXT ou central de operacións. As características mínimas das

fotografías están relacionadas na Norma UNE 199121-4, sendo as máis significativas as seguintes:

- Tamaño mínimo 1280x1024 píxeles
- Os carácteres da matrícula deben ter polo menos 14 píxeles de altura, tamaño mínimo para garantir o correcto funcionamento dos lectores de matrícula, en diante OCR.
- Respectarase a relación de tamaño dos carácteres e por tanto do número de pixeles.
- Nas fotografías substituiranse as 24 liñas superiores por unha sobreimpresión cos datos da infracción.
- As fotografías poderán ser en branco e negro ou cor. Estas últimas requirirán flash con luz branca

d) **Flash.** Complementa a sección fotográfica. En caso de baixa luminosidade ambiente o equipo debe activar un foco luminoso no momento de realizar a fotografía, que deberá estar deseñado de forma que non provoque cegue momentaneamente ao resto de condutores. Os flashes utilizados poderán ser de luz branca ou infravermella. Deben permitir a apreciación da marca e modelo do vehículo e a súa matrícula, evitando o velado da placa.

e) **Outras.** O cinemómetro pode ir provisto dun dispositivo manual que controla a distancia as funcións esenciais.

f) As Normas **UNE 199121** contempla, entre outros os seguintes dispositivos adicionais:

- **Elementos de Comunicacións.** Os equipos fixos estarán preparados para posibilitar a conexión Ethernet. No caso da DXT os enlaces co servidor central realízanse de dúas formas:
  - A saída Ethernet enlázase a través de switchs coa rede de comunicacións ITS da DXT, posibilitando o enlace coa CXT asociado.
  - Opcionalmente pódese dotar ao cinemómetro dunha conexión GPRS/UMTS que a través do servidor da operadora telefónica, establecerá comunicación co servidor central da aplicación DXT. A través da rede ITS se reenvía o sinal á CXT asociado.
  - A xestión dos equipos pódese realizar por teleproceso. Mediante protocolos normalizados establécese a xestión dos equipos, podendo actuar sobre calquera parámetro de explotación do instrumento, salvo a hora. Os cinemómetros deben contar cun mecanismo que lles permita filtrar os enderezos IP dos Centros de Xestión que poden acceder por teleproceso.
- **Sistema de localización.** As cabinas normalizadas van equipadas cunha memoria flash que contén os datos de localización e configuración do cinemómetro. Ao conectar o sistema de localización ao cinemómetro transfírelle os datos necesarios para a súa correcta explotación, imposibilitando erros na asignación dos enderezos IP do sistema de comunicacións, que impedirían a comunicación remota co instrumento.

- **Elementos antivandálicos.** Para instalacións en marxes da calzada, as cabinas dos cinemómetros fixos van equipadas cunha serie de elementos antivandálicos que polo menos constará dos seguintes elementos:
  - Sensor de porta aberta
  - Sensor de exceso de temperatura
  - Sensor de vibración
  - Cámara de vídeo
  - Alarma sonora
  - Dispositivo de iluminación

A alarma desencadeada por calquera sensor activa o dispositivo de iluminación e a alarma sonora, envía unha mensaxe de alerta á CXT e inicia a transmisión de imaxes captadas pola cámara de vídeo dende os 2 minutos anteriores ao disparo da alarma. Dende a CXT débese xestionar a alarma recibida seguindo o protocolo establecido.

2.4. Equipo de Recoñecemento de Matrículas (ERM)

2.4.1. Introdución

A Norma define os requisitos de funcionalidade a cumprir polos equipos para o seu uso tanto en sistemas de control de tráfico, tempos de percorrido, como en sistemas de control de accesos, semáforo vermello. Sendo válidas para equipos en funcionamento estático ou dinámico.

Figura 2.14: Cámara ERM

2.4.2. Composición e funcionamento do ERM

A **Unidade de Captura e Iluminación.** É a encargada de capturar as imaxes dos vehículos con calidade abondo para posibilitar a súa identificación e a lectura da

súa placa. No fotograma a placa de matrícula terá polo menos 14 píxeles de altura. Consta de:

- Cámara, óptica
- Sistema de iluminación e filtros.

A **Unidade de Control** analiza as imaxes captadas e é a encargada do recoñecemento das matrículas. Está formada polo menos por:

- Reloxo de tempo real
- Motor OCR
- Electrónica de control e sincronización
- Opcionalmente con liña de comunicacións.

O seu modo de funcionamento, non excluínte, poderá ser:

